

Curso de introdución
á lingua e á cultura galegas



Curso de introdución
á lingua e á cultura galegas

XUNTA
DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
José López Campos

Secretario xeral da Lingua
Valentín García Gómez

Curso de introdución á lingua e á cultura galegas

Autoría:
Concepción Armas Quintá
Victoria Cerviño Ferrín
Claudina Moreira Costoyas

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Secretaría Xeral da Lingua

Santiago de Compostela, 2025

Depósito legal: C 1273-2025
Ilustración da cuberta (modificada): www.freepik.com

Benvidas e benvidos ao Curso de introdución á lingua e á cultura galegas!




Este é un curso gratuíto da Secretaría Xeral da Lingua que che permitirá achegarte ao estudo da lingua e da cultura galegas.

O curso está organizado en cinco unidades temáticas, pensadas para acompañarte no teu proceso de aprendizaxe dun xeito gradual, práctico e conectado coa realidade galega. Cada unidade integra contidos de:

- Fonética, para familiarizarte cos sons do galego e mellorar a túa pronuncia.
- Gramática, centrada nas estruturas básicas e frecuentes da lingua.
- Léxico útil, cun enfoque comunicativo para situacións cotiás.
- Cultura, no que te achegarás á historia do galego. Tamén coñecerás algunha das moitas festas gastronómicas galegas e cales son os festivais de música máis destacados. Ademais, poderás prepararte para facer o Camiño de Santiago ao tempo que gozas do clima e dos espazos naturais de Galicia.

Cada unidade inclúe exercicios de autocorrección e actividades de resposta aberta para aprender e practicar a lingua dun xeito entretido e activo.

Este curso está dirixido a todas aquelas persoas que teñan interese pola lingua galega e a súa cultura, tanto se teñen coñecementos previos como se comezan desde cero. O noso obxectivo é que, ao rematar o curso, non só comprendas e uses o galego básico, senón que tamén te sintas parte da súa comunidade.

Neste manual atoparás diferentes iconas    nos apartados nos que sexa preciso consultar contido multimedia, tanto para facer actividades como para complementar a teoría. Apunta coa cámara do teu teléfono móbil ao código QR que tes a continuación para acceder á páxina na que está este contido organizado por unidades.

Iconas que atoparás no curso:



Audios



Vídeos



Ligazóns



Se a cámara do teu teléfono móbil non detecta o código, podes utilizar unha aplicación de lectura de códigos QR. Tamén podes escribir directamente esta ligazón lingua.gal/curso-introduccion-lingua-cultura-galegas no navegador.

ÍNDICE XERAL

Unidade 1	12
Unidade 2	33
Unidade 3	57
Unidade 4	83
Unidade 5	107

Unidade 1

ÍNDICE

Saudar, presentarse e despedirse

Como pedimos desculpas?

O abecedario do galego

O artigo determinado

O artigo indeterminado

Léxico: O corpo humano. Saúde e estados de ánimo

Contidos culturais: Galicia e a lingua galega

Saudar, presentarse e despedirse



Exercicio 1



Escoita as seguintes conversas na páxina á que podes acceder a través do código QR situado ao inicio deste manual.

Conversa 1

Transcrición

ERIA: Bo día! Chámome Eria e estou buscando a aula de galego, é esta?

ANTÓN: Benvida, Eria! Si, é esta. Eu son Antón e estamos agardando pola profesora. Estes son os demais compañeiros. Xa se van presentando eles.

ARTUR: Ola, Eria! Eu chámome Artur, encantado de coñecerte.

MONTSERRAT: Ola, que tal? Eu chámome Montserrat. Benvida á clase, Eria!

ANE: Boas, Eria! Eu son Ane.

XANA: Ola, Eria! Eu chámome Xana.

ERIA: Grazas pola benvida. Encantada de coñecervos.

Conversa 2

Transcrición

MORAIMA: Bo día a todas e a todos!

Chámome Moraima, son de Celanova e vou ser a vosa profesora de galego neste curso. Como acabades de escoitar, eu acabo de presentarme.

Agora tócvos a vós facer o mesmo e así xa nos imos coñecendo.

ARTUR: Ola a todas e a todos! Chámome Artur e son do Porto, en Portugal.

ANTÓN: Bo día! Chámome Antón e son de Ponferrada.

MONTSERRAT: Ola! Eu son Montserrat e veño de Barcelona.

ANE: Ola, que tal? Eu chámome Ane e veño de Vitoria.

XANA: Ola a todas e a todos! O meu nome é Xana e son de Taramundi, en Asturias.

ERIA: Bo día! Eu son Eria e veño da cidade de León.

MORAIMA: É un pracer coñecervos!

Conversa 3

Transcrición

MORAIMA: Ben, como a clase xa rematou, despídome de vós. Ata mañá!

ARTUR: Adeus!

ANTÓN: Deica logo!

MONTSERRAT: Chao!

ANE: Abur!

XANA: Ata mañá!

ERIA: Ata outro día!

Nas conversas que acabas de escoitar, fíxate en que as persoas comezan saudando e presentándose.

Tamén responden ás presentacións e, ao rematar, despídense.

No seguinte cadro vas ver unha serie de fórmulas para saudar, presentarse e despedirse:

Saúdos e despedidas		Presentacións	
Saudar	Despedirse	Presentarse	Responder
Bo día!	Adeus!	Ola, eu son...	Ola!
Boa tarde!	Ata mañá!, ata outro día!	Ola, o meu nome é...	Encantado,
Boa noite!	Ata logo!, ata loguiño!	Eu chámome...	encantada.
Boas!	Deica logo!, deica loguiño!	Preséntoche a...	Moito gusto.
Ola!	Ata despois!	Esta/e é...	É un pracer.
Ola, que tal?	Chao!		
	Abur!		



Exercicio 2



Volve escoitar as conversas do anterior exercicio e completa as palabras dos diálogos coas fórmulas de saúdo, presentación e despedida.

Antes de escribir, fíxate nas letras que aparecen nos ocos, pois poden servirche de axuda.

Conversa 1

ERIA: B_ ___! Chámome Eria e estou buscando a aula de galego, é esta?

ANTÓN: Benvida, Eria! Si, é esta. Eu s___ Antón e estamos agardando pola profesora. Estes son os demais compañeiros. Xa se van presentando eles.

ARTUR: O___, Eria! Eu chámome Artur, en_____o de coñecerte.

MONTSERRAT: Ola, q___ __l? Eu chámome Montserrat.

Benvida á clase, Eria!

ANE: B___s, Eria! E_ ___n Ane.

XANA: Ola, Eria! Eu ch_____e Xana.

ERIA: Grazas pola benvida. E_____a de coñecervos.

Conversa 2

MORAIMA: Bo ___ a todas e a todos!

Chá_____ Moraima, s___ de Celanova e vou ser a vosa profesora de galego neste curso.

Como acabades de escoitar, eu acabo de presentarme.

Agora tócvos a vós facer o mesmo e así xa nos imos coñecendo.

ARTUR: Ola a todas e a todos! _____me Artur e s___ do Porto, en Portugal.

ANTÓN: __ día! Chámome Antón e son de Ponferrada.

MONTSERRAT: __a! Eu son Montserrat e veño de Barcelona.

ANE: Ola, ___ __l? Eu chámome Ane e veño de Vitoria.

XANA: Ola a todas e a todos! O ___ ___e é Xana e son de Taramundi, en Asturias.

ERIA: Bo ___! Eu son Eria e veño da cidade de León.

MORAIMA: É ___ _____er coñecervos!

Conversa 3

MORAIMA: Ben, como a clase xa rematou, despídome de vós. Ata m___!

ARTUR: Ad___!

ANTÓN: D_____ lo__!

MONTSERRAT: C__o!

ANE: A__r!

XANA: A__ ____á!

ERIA: Ata _____ día!

Como pedimos desculpas?

Podemos pedir desculpas das seguintes maneiras.

- Podemos usar o verbo **perdoar** en **imperativo** máis **é que**.

Por exemplo:

Co pronome ti: **Perdoa, é que** teño moito traballo e non podo ir.

Co pronome vostede: **Perdoe, é que** non sabía que estaba prohibido fumar.

Co pronome vós: **Perdoade, é que** non me gustan os doces.

Co pronome vostedes: **Perdoen, é que** pensei que podía sacar fotos no teatro.

- Podemos usar o verbo **desculpar** en **imperativo** mais **é que**.

Por exemplo:

Co pronome ti: **Desculpa, é que** non quero saír o xoves.

Co pronome vostede: **Desculpe, é que** cheguei antes de tempo.

Co pronome vós: **Desculpade, é que** teño moitas cousas que facer.

Co pronome vostedes: **Desculpen, é que** non me gusta falar alto.

- Podemos usar a palabra **perdón** máis **é que**.

Por exemplo:

Perdón, é que non teño bolígrafo para escribir.

- Podemos usar a palabra **perdón** máis **pero**.

Por exemplo:

Perdón, pero non quero facer máis tarefas.

- Podemos usar a palabra **síntoo** ou **síntoo moito** máis **é que**.

Por exemplo:

Síntoo, é que anotei mal o día da comida.

Síntoo moito, é que perdín o tren e non cheguei antes.

- Podemos usar a palabra **síntoo** ou **síntoo moito** máis **pero**.

Por exemplo:

Síntoo, pero non vou a ir á túa casa.

Síntoo moito, pero non podo facer o que me pides.



Exercicio 3

Elixe a desculpa para a situación onde hai que usala.

Ane, hoxe volviches chegar tarde. A clase xa comezou hai dez minutos!

Resposta: [.....]

Artur, debes apagar o móbil na clase para evitar interrupcións.

Resposta: [.....]

Xana, por que non trouxeches o manual de galego hoxe? Sabes que é recomendable para seguir mellor a clase.

Resposta: [.....]

Respostas:

[a] Desculpade, pero estou pendente dunha chamada do médico.

[b] Síntoo, pero esquecino no outro bolso. Mañá xa o traio.

[c] Perdón, pero é que volvín perder o autobús.

O abecedario do galego

O abecedario é o conxunto das letras dunha lingua.

As letras na lingua galega son masculinas.

Por exemplo: o a, o be.

As letras da lingua galega son:

a: esta letra chámase a

b: esta letra chámase be

c: esta letra chámase ce

d: esta letra chámase de

e: esta letra chámase e

A letra **e** pódese pronunciar aberta ou pechada.

f: esta letra chámase efe

g: esta letra chámase gue

h: esta letra chámase hache

i: esta letra chámase i

l: esta letra chámase ele

m: esta letra chámase eme

n: esta letra chámase ene

ñ: esta letra chámase eñe

o: esta letra chámase o

A letra **o** pódese pronunciar aberta ou pechada.

p: esta letra chámase pe

q: esta letra chámase que

r: esta letra chámase erre

s: esta letra chámase ese

t: esta letra chámase te

u: esta letra chámase u

v: esta letra chámase uve

x: esta letra chámase xe

z: esta letra chámase zeta

En galego tamén temos letras que van xuntas e que se pronuncian coma unha soa letra:

- ch:** estas letras chámanse ce hache
- gu:** estas letras chámanse gue u
- ll:** estas letras chámanse ele dobre
- nh:** estas letras chámanse ene hache
- qu:** estas letras chámanse que u
- rr:** estas letras chámanse erre dobre

Tamén utilizamos outras letras só nos **préstamos**.

Os **préstamos** son palabras que usamos en galego e que copiamos doutras linguas.

Por exemplo: sándwich

Sándwich é unha palabra que usamos en galego, pero é unha palabra que vén da lingua inglesa.

As letras que utilizamos nestas palabras son:

- j:** esta letra chámase iota
- k:** esta letra chámase ca
- ç:** esta letra chámase cedilla
- w:** esta letra chámase uve dobre
- y:** esta letra chámase i grego

Podes escoitar como se pronuncian as letras e as palabras en galego no dicionario de pronuncia. Podes consultar o dicionario de pronuncia na súa páxina web (ilg.usc.es/pronuncia).

As 7 vogais do galego



Podes comezar mirando o vídeo *Dígocho eu: As sete vogais do galego* na páxina indicada ao inicio do manual.



Podes mirar tamén o vídeo *Dígocho eu: Cantas vogais hai en galego*, que che explica un pouquiño máis.

En galego hai 7 vogais:

a

e aberto **e** pechado

i

o aberto **o** pechado

u



Escoita as seguintes palabras na páxina indicada ao inicio do manual:

pe	póla	casa	uña
pé	pola	piso	

A letra **e** pódese pronunciar aberta ou pechada.

Exemplo de pronuncia do **e aberto**

Pé: parte do corpo

Exemplo de pronuncia do **e pechado**

Pe: o nome da letra p

A letra **o** tamén se pode pronunciar aberta ou pechada.

Exemplo de pronuncia do **o aberto**

Póla: parte da árbore onde van as follas



Exemplo de pronuncia do **o pechado**

Pola: galiña



Exercicio 4

Indica se as vogais subliñadas son abertas ou pechadas.



Primeiro escoita como se pronuncian na páxina indicada ao inicio do manual.



Logo debes escoller a opción correcta.

Exemplo:

Ramón decidiu votar [aberto / pechado] por correo.

Ramón decidiu votar [**a**berto / pechado] por correo.

Oración 1

Xela vai botar [aberto / pechado] dous meses fóra [aberto / pechado].

Oración 2

O oso [aberto / pechado] non come nada.

Notánselle os ósos [aberto / pechado].

Oración 3

Se marchas xogar ás bólas [aberto / pechado],

leva un anaco de bola para comer [aberto / pechado].

Oración 4

Ti tes [aberto / pechado] que pronunciar ben os tes [aberto / pechado].

Oración 5

Por andar con moita presa [aberto / pechado]

caeu na presa [aberto / pechado].

O artigo determinado

Os artigos determinados son **o, a, os, as**.

Os artigos determinados son palabras que acompañan un substantivo coñecido. Van antes dos substantivos.

Os artigos determinados son palabras que teñen xénero. Isto significa que son femininas ou masculinas.

Os artigos determinados tamén teñen número. Isto significa que un artigo pode ser singular ou plural.

Os artigos determinados teñen o mesmo xénero e número que os substantivos que acompañan.

Usamos os artigos determinados para falar de substantivos que coñecemos ou de substantivos que son importantes para nós.

O artigo determinado **o** é masculino e singular.

Por exemplo: **o** mar

O artigo determinado **a** é feminino e singular.

Por exemplo: **a** praia

O artigo determinado **os** é masculino e plural.

Por exemplo: **os** peixes

O artigo determinado **as** é feminino e plural.

Por exemplo: **as** cunchas



Exercicio 5

Ponlles o artigo ás seguintes palabras:

Exemplo:

..... compañeiras

As compañeiras

..... caderno

..... clase

..... alumnos

..... curso

..... casa

..... exames

..... conversas

O artigo indeterminado

Os artigos indeterminados son: **un, unha, uns, unhas**.

Os artigos indeterminados son palabras que acompañan un substantivo que non coñecemos ou que non é importante para nós.

Os artigos indeterminados van antes dos substantivos.

Os artigos indeterminados son palabras que teñen xénero. Isto significa que son femininas ou masculinas.

Os artigos indeterminados tamén teñen número. Isto significa que un artigo pode ser singular ou plural.

Os artigos indeterminados teñen o mesmo xénero e número que os substantivos que acompañan.

O artigo indeterminado **un** é masculino e singular.

Por exemplo:

A Montserrat dóelle **un** pé.

O artigo indeterminado **unha** é feminino e singular.

Por exemplo:

Moraima partiu **unha** perna.

O artigo indeterminado **uns** é masculino e plural.

Por exemplo:

Antón ten **uns** ollos moi bonitos.

O artigo indeterminado **unhas** é feminino e plural.

Por exemplo:

Xana mercou **unhas** lentes novas.



Exercicio 6

Escrebe os artigos indeterminados necesarios nas seguintes frases.

..... amigo meu mercou casa na praia.


Ana é rapaza feliz.

Irei de vacacións días.

Merquei lambetadas para nenos amigos meus.

Merendamos té e froitas.

Léxico: O corpo humano. Saúde e estados de ánimo



Exercicio 7

Imos traballar o léxico do corpo humano.



Escoita as definicións na páxina indicada ao inicio do manual.
Logo, escribe que palabra da táboa corresponde a cada definición.



Podes consultar o dicionario da Real Academia Galega
(academia.gal/dicionario) para resolver dúbidas.

man	ombro	nariz	dedo	peito	ollo
cóbado	pé	cu	xeonllo	brazo	cabeza

Definición 1:

Definición 7:

Definición 2:

Definición 8:

Definición 3:

Definición 9:

Definición 4:

Definición 10:

Definición 5:

Definición 11:

Definición 6:

Definición 12:



Exercicio 8

Escribe a que parte do corpo corresponde cada número do debuxo.

boca	nariz	ollo	peito	embigo	coxa	brazo
xeonllo	pé	man	pescozo	orella	cabeza	

1:

2:

3:

4:

5:

6:

7:

8:


9:

10:

11:

12:

13:





Exercicio 9

O seguinte texto está incompleto e tes que completalo.

Escribe as palabras do recadro para completar o texto.

amigos	felicidade	aniversario	mal	feliz
nerviosos	bambán	tristes	celebrar	contentos



O **bambán** é un asento que está atado a dúas cordas ou cadeas e serve para balancearse.

Brais e Xela son dende pequenos. Os dous estudaban xuntos na escola e poñíanse cando tiñan un exame.

Cando Brais se atopaba ou lle doía a cabeza, Xela dáballe caramelos.

Todos os compañeiros e compañeiras de Brais e Xela estaban moi por as festas de no colexio.

Cando remataban as clases, os dous amigos ían ao parque que estaba ao lado do colexio.

Brais e Xela pasaban moitas horas subidos ao

Hoxe seguen sendo moi amigos e Xela está por ter un amigo tan especial.

Os dous saben que pode haber días, que a vida é así, pero se están xuntos todo cambia e volve a

Contidos culturais: Galicia e a lingua galega



Exercicio 10



Mira as veces que precises o vídeo *Galicia no mundo* na páxina indicada ao inicio do manual.

Logo indica cales das seguintes afirmacións son verdadeiras e cales falsas.

O galego nace como lingua nos tempos nos que o Imperio Romano dominaba a **Península Ibérica**.

[Verdadeiro / Falso]

A lingua galega só a falaban os pobres e a xente sen estudos.

[Verdadeiro / Falso]

A **península** é unha porción de terra que está rodeada de auga por todas as partes menos por unha.

A **Península Ibérica** fórmana España, Portugal e Andorra.

Os trobadores eran os poetas da Idade Media e escribían tamén en galego.

[Verdadeiro / Falso]

Afonso X o Sabio foi rei e escribiu as *Cantigas de Santa María*.

[Verdadeiro / Falso]

Despois da Idade Media o galego entrou no que chamamos os Séculos Escuros.

[Verdadeiro / Falso]

Nos Séculos Escuros o galego seguíase falando e escribindo con normalidade.

[Verdadeiro / Falso]

No 1863, Rosalía de Castro publicou o libro de poemas titulado *Cantares Gallegos*.

[Verdadeiro / Falso]

O libro *Cantares Gallegos* está escrito todo en castelán.

[Verdadeiro / Falso]

Unidade 2

Que dicir cando...?

Que dicir cando non entendemos?

Algunhas estruturas que podemos utilizar cando non entendemos algo son as seguintes:

- Podes repetirmo, por favor?
 - Como dis?
 - Non entendo o que queres dicir.
 - Perdoa, pero non te entendín ben.
 - Que significa?
 - Entón, queres dicir que isto é así.
- Esta estrutura serve para comprobar se entendemos ben.

Que dicir cando non sabemos unha palabra?

Cando non sabemos como dicir algo, podemos intentar describilo ou intentar explicar o seu significado.

Por exemplo, podemos dicir:

- É unha cousa que serve para...
- É unha cousa que se parece a...
- É unha cousa que se pode encontrar en...
- É máis ou menos como...
- É o contrario de...

Que dicir cando non sabemos se nos entenden?

Para asegurarnos de que as persoas coas que falamos entenden o que dicimos, podemos utilizar estruturas como estas:

- Non sei se me explico.
- Entendes o que quero dicir?



Exercicio 1



Escoita as seguintes conversas na páxina á que podes acceder a través do código QR situado ao inicio deste manual.

A continuación, debes indicar cal é o problema que ten a persoa para comunicarse:

- se a persoa non sabe como dicir algo.
- se a persoa non entendeu ben ou se a persoa carece de información.

Exemplo:

Que significa...?

Transcrición:

–Foi unha leria, non había ninguén.

A música era moi mala e o sitio era moi cutre.

–Que... que significa cutre?

A persoa non sabe como dicir algo.

A persoa non entendeu ben ou carece dunha información.

Ai, como se chama...?

Transcrición:

–Que tal a fin de semana?

–Pois moi ben. Fomos a unha vila preciosa na montaña e pasámolo xenial.

Alugamos un... Ai, como se chama?

Iso que é coma unha moto pero máis grande, con 4 rodas.

Un...

A persoa non sabe como dicir algo.

A persoa non entendeu ben ou carece dunha información.

Como? Perdoa, é que non te entendín ben.

Transcripción:

–Vaia, que lea se armou onte.

–Como? Perdoa, é que non te entendín ben.

- A persoa non sabe como dicir algo.
- A persoa non entendeu ben ou carece dunha información.

A ver, entón queres dicir que...

Transcripción:

–Ti trae algo de beber porque nós xa traemos a comida.

Pero se cres que vai faltar comida trae algo tamén porque igual nos quedamos curtos, vale?

–A ver, entón queres dicir que teño que traer bebida e comida, non?

- A persoa non sabe como dicir algo.
- A persoa non entendeu ben ou carece dunha información.

Como se di?

Transcripción:

–Esta mañá regaláronme un móbil deses poli... non sei que. Como se di?

- A persoa non sabe como dicir algo.
- A persoa non entendeu ben ou carece dunha información.

Non sei exactamente como se chama.

Transcripción:

—Bo día. Mire, necesito un... non sei exactamente como se chama.

É unha cousa que serve para unir unha porta coa parede, por exemplo, sabe?

- A persoa non sabe como dicir algo.
- A persoa non entendeu ben ou carece dunha información.

Os números: cardinais do 0 ao 100 e ordinais ata o décimo

Os números cardinais de 0 a 100

Nesta unidade estudamos os numerais cardinais de 0 a 100.



0 cero	13 trece	26 vinte e seis
1 un/unha	14 catorce	27 vinte e sete
2 dous/dúas	15 quince	28 vinte e oito
3 tres	16 dezaseis	29 vinte e nove
4 catro	17 dezasete	30 trinta
5 cinco	18 dezaioito	31 trinta e un/unha
6 seis	19 dezanove	40 corenta
7 sete	20 vinte	50 cincuenta
8 oito	21 vinte e un/unha	60 sesenta
9 nove	22 vinte e dous/dúas	70 setenta
10 dez	23 vinte e tres	80 oitenta
11 once	24 vinte e catro	90 noventa
12 doce	25 vinte e cinco	100 cen



Exercicio 2

Imos facer un exercicio para aprender a usalos ben.
Escribe con letra as seguintes cifras.

Exemplo:

O texto está na páxina 53 -> **cincuenta e tres.**

Custa 35 euros con 99 céntimos. -> e

Vémonos dentro de 2 semanas e 3 días. -> e

Ela ten 42 anos e eu 47. -> e

Faltan 12 días para as vacacións. ->

Mañá fan as nenas 4 meses. ->

Onte a miña avoa fixo 98 anos. ->

Os números ordinais ata o décimo

Usamos os números ordinais para falar da orde ou lugar que ocupa unha persoa, cousa ou animal dentro dun grupo.

Podemos escribir os números ordinais con número ou con letras.

Os números ordinais son:

1º ou primeiro

1ª ou primeira

2º ou segundo

2ª ou segunda

3º ou terceiro

3ª ou terceira

4º ou cuarto

4ª ou cuarta

5º ou quinto

5ª ou quinta

6º ou sexto

6ª ou sexta

7º ou sétimo

7ª ou sétima

8º ou oitavo

8ª ou oitava

9º ou noveno

9ª ou novena

10º ou décimo

10ª ou décima

Exemplos de oracións con números ordinais:

Artur quedou **10º** na carreira.

Ane chegou de **primeira** ao autobús.

Os meus curmáns son os **novenos** da lista.



Exercicio 3

Escribe no oco o nome do número que aparece entre parénteses.

Exemplo:

Este ano celebramos a **quinta** (5ª) edición do concurso de disfraces.

É o (8º) aniversario de Mariña.

Tedes que estudar a (6ª) lección para o exame de mañá.

Celebramos o (4º) aniversario da publicación do libro.

Xana é a (7ª) sobriña da miña nai.

O xénero dos substantivos e dos adxectivos


O xénero dos substantivos

Os substantivos son palabras que teñen xénero. Isto significa que son femininas ou masculinas.

Os substantivos masculinos son os seguintes:

Os substantivos rematados en **-o**.

Por exemplo: o gato.




Pero hai substantivos que rematan en **-o** que son femininos:

Por exemplo: a foto, a moto, a radio.

Os substantivos femininos son os seguintes:

Os substantivos rematados en **-a**.

Por exemplo: a gata.



Pero hai substantivos que rematan en **-a** que son masculinos:

Por exemplo: o fantasma, o diadema.

Os substantivos rematados en **-axe**.

Por exemplo: a paisaxe ou a viaxe.

Pero **o traxe**, **o paxe** e **o garaxe** son masculinos.

O substantivo **personaxe** pode ser unha palabra masculina ou feminina.

Por exemplo:

María é a personaxe principal da obra de teatro.

Xoán é o personaxe secundario da obra de teatro.

Tamén son femininos os seguintes substantivos:

Os substantivos rematados en **-ción**, **-cción** e **-sión**.

Por exemplo: a emoción, a acción, a ilusión.

Os substantivos rematados en **-zón** e **-ión**.

Por exemplo: a doazón, a flexión.

Os substantivos rematados en **-ez** e **-eza**.

Por exemplo: a timidez, a pureza.

Os substantivos rematados en **-idade** e **-edade**.

Por exemplo: a facilidade, a impiedade.

Os substantivos rematados en **-ura**, **-dura** e **-tura**.

Por exemplo: a brancura, a brandura, a candidatura.

Os substantivos rematados en **-uxe**.

Por exemplo: a **lanuxe**.

A **lanuxe** é o pelo fino que cobre as follas ou os froitos dalgunhas plantas.



Exercicio 4

Indica se os seguintes substantivos teñen xénero masculino ou feminino.

Debes escoller un **o** para o xénero masculino e un **a** para o feminino.

Exemplo:

O efe

A auga

..... ce

..... sal

..... foto

..... paisaxe

..... garaxe

..... análise

..... lume

..... calor

..... fronte

..... lingua

..... cárcere

..... culler

..... leite

..... sangue

O pronome persoal tónico e átono

O pronome persoal tónico

Os pronomes persoais tónicos son:

	1ª persoa		2ª persoa		3ª persoa	
	singular	plural	singular	plural	singular	plural
suxeito	eu	nós	ti vostede	vós vostedes	el/ela	eles/elas

As formas **nós** e **vós** sempre levan acento para distinguilas das formas átonas, que non o levan.

Os pronomes persoais tónicos poden ser o suxeito dunha oración:

Eu só podo ir á clase os xoves.

O suxeito dunha oración é a persoa, animal ou cousa que realiza a acción na oración.

Vostede e **vostedes** son as formas de cortesía e sempre levan o verbo en terceira persoa.



Exercicio 5

Pon o pronome necesario nas seguintes oracións.

..... van mañá ás Cíes.

..... viaxas moito en tren?

..... faremos un grande equipo de baloncesto.

..... viredes comigo á festa?

..... decidiron comprarlle un regalo á mestra.

..... quixo vendernos unha moto vella.

Só ti viches que saían da clase.

..... dixeches que viñas con nós ao cine e non apareciches.

..... sempre intento facer ben os exercicios.

O pronome persoal átono

Os pronomes persoais átonos son:

1ª persoa		2ª persoa		3ª persoa	
singular	plural	singular	plural	singular	plural
me	nos	te che	vos	o/lo/no a/la/na	os/los/nos as/las/nas
				se	
				lle	lles

Os pronomes persoais átonos non teñen a función de suxeito nunha oración. Estes pronomes fan referencia a un substantivo ou a un pronome persoal tónico.

Usamos as formas **o/lo/no** en función de onde vaia colocado o pronome na frase.

- As formas **o, a, os, as** empréganse cando o pronome non está unido a ningunha outra palabra ou cando vai unido a verbos que rematan en vogal ou en -n:
Non **o** queren para nada.
Quéreno para todo.
- As formas **lo, la, los, las** utilízanse cando o pronome vai unido a un verbo rematado en -r ou en -s ou a outro pronome persoal rematado en -s (nos, vos, lles):
Veu buscal**as** Moraima.
Xa lle**lo** dixo o profesor.
- As formas **no, na, nos, nas** úsanse cando o pronome vai unido a formas verbais rematadas en ditongo:
Eu de**ino** feito, pero ela deixoun**as** a medio facer.



Exercicio 6

Le os seguintes anuncios e fíxate nos pronomes átonos destacados con letra grosa. Marca as palabras correctas ás que os pronomes fan referencia.

Exemplo:

Aburríche**ste** dun **moble**.

Non **o** tires.

Alguén **o** necesita.

Os pronomes refírense á palabra **moble**.



Un abrigo novo.

Mercáche**lo** e xa non che gusta? Tranquilízate.

Atopamos quen **o** pode aproveitar.

Selecciona unha opción:

roupa libros abrigo lentes medicamentos cousas

A túa roupa está pasada de moda.

Precísaa **a** moita xente.

Regála**a**.

Selecciona unha opción:

roupa libros abrigo lentes medicamentos cousas

Tes medicamentos que non vas utilizar?

Gárda**os**.

Os hospitais sempre **os** precisan.

Selecciona unha opción:

roupa libros abrigo lentes medicamentos cousas

Tes libros que xa non les?

Outras persoas quérenos.

Levámo**los** a unha biblioteca pública.

Selecciona unha opción:

roupa libros abrigo lentes medicamentos cousas

Tes lentes que non usas?

Por que **as** botas ao lixo?

Podes envial**as** a persoas que **as** van usar.

Selecciona unha opción:

roupa libros abrigo lentes medicamentos cousas

Con Reciclaxe en Acción podes enviar todas estas cousas a quen **as** necesita.

Selecciona unha opción:

roupa libros abrigo lentes medicamentos cousas



Exercicio 7

Escolle a forma correcta do pronome.

Exemplo:

Eria non quere facer **os exercicios**, pero
fara**os/los/nos** para que non lle rife a
profesora.

Artur quere **xogar ao baloncesto**. Díxo [o / no / lo] moi claro.

Ane quería **unha bici nova** e ao final comprou [la / na / a].

Xana quería coller mazás e Montserrat axudou [la / na / a]
a subir á maceira.




Se precisades **un rotulador verde**, ides á papelería e
compráde [o / lo / no].

Non trouxo **o abrigo**. Deixou [o / lo / no] na casa.

Comprou **as plantas** e plantou [nas / as / las] na terra.



Léxico: A comida



Exercicio 8

Selecciona unha opción da lista. Emparella establecementos e produtos.
Escolle o produto correcto para cada establecemento.

Exemplo:

Panadería -> pan

- Carnicería -> carne peixe pasteis
- Mercería -> costura, punto e lencería calzado pan
- Tenda de roupa -> calzado bebidas roupa
- Farmacia -> costura, punto e lencería calzado medicamentos
- Supermercado -> alimentación calzado medicamentos
- Pastelería -> pasteis comida e bebida bebidas
- Zapatería -> calzado comida e bebida roupa
- Restaurante -> roupa comida e bebida calzado
- Peixería -> peixe comida e bebida calzado
- Cafetería -> roupa pasteis bebidas



Exercicio 9

Os seguintes textos son anuncios publicitarios.

Emparella cada texto co produto ou servizo que corresponda.

Exemplo:

Anuncio

Fai deporte e coida o corpo.

Móvete.

Produto ou servizo: ximnasio

Empeza ben o día cunha bebida quente.

Escolle unha opción:

- unha bañeira un curso de galego un café un refresco
 un destino turístico un microondas

Pasa as mellores vacacións.

Ven descubrir as nosas praias, a nosa comida típica e moito máis.

Escolle unha opción:

- unha bañeira un curso de galego un café un refresco
 un destino turístico un microondas

Hai moitas cousas divertidas para pasar o tempo.

Non o perdas quentando a comida.

Escolle unha opción:

- unha bañeira un curso de galego un café un refresco
 un destino turístico un microondas

Métete na auga e desfruta.

A mellor maneira de desconectar e relaxarte.

Escolle unha opción:

- unha bañeira un curso de galego un café un refresco
 un destino turístico un microondas

No verán bota fóra a calor e hidrátate.

Escolle unha opción:

- unha bañeira un curso de galego un café un refresco
 un destino turístico un microondas

Queres mellorar a túa lingua? Aprende algo novo cada día.

Escolle unha opción:

- unha bañeira un curso de galego un café un refresco
 un destino turístico un microondas



Exercicio 10



Mira as veces que precisas o vídeo da receita *Empanada en tixola* que atoparás na páxina indicada ao inicio do manual. Nel explícase como facer un prato típico galego: a empanada. Fíxate ben porque deberás completar estes textos coas palabras que aparecen no vídeo.

Ao rematar o exercicio, igual te animas a cociñar unha rica empanada!

No programa de hoxe imos preparar unha feita en

Para iso necesitaremos os seguintes ingredientes. Para a masa, usaremos, lévedo fresco, e auga, e, para enchermos a nosa empanada, usaremos un verde, un pemento, uns, cebola, tomate frito e un pouco de

Imos comezar coa receita. O primeiro paso vai ser elaborarmos a

Para iso, imos mesturar os 320 de fariña. Imos botalos neste A seguir, imos botar un chisco de Despois imos desfacer o lévedo fresco. É importante que sexa fresco porque iso vai facer que a nosa masa levede moi rápido e quede despois moi



Exercicio 11

Es **larpeiro** ou **larpeira**?

No seguinte xogo do Portal das Palabras tes que unir as palabras que che ofrecen con cada imaxe. Das palabras que che ofrecen só unha corresponde con cada imaxe. Xunta as dez parellas antes de que pasen os quince segundos para cada unha.



Podes acceder ao xogo na páxina indicada ao inicio do manual.

Contidos culturais: As festas gastronómicas



Exercicio 12

Le o seguinte texto sobre as festas gastronómicas en Galicia. Ao rematar, une cada festa coa imaxe correspondente.

Galicia é unha terra rica en tradicións e gastronomía. Aquí hai moitas festas para celebrar os nosos pratos típicos.

A continuación, mostramos algunhas das máis importantes:

- **Festa do Polbo no Carballiño:** Esta festa celébrase en agosto. O **polbo á feira** é o prato principal e atrae a xente de todo o mundo.
- **Festa da Empanada en Bandeira:** En agosto tamén, esta festa honra a empanada galega, rechea de ingredientes variados.
- **Festa da Filloa en Lestedo:** Durante a primavera, os amantes das filloas reúnen-se para desfrutar desta sobremesa típica.
- **Festa do Viño Ribeiro en Ribadavia:** Celebrada na primavera, é unha homenaxe a un dos viños máis antigos de Galicia, o ribeiro.
- **Festa do Albariño en Cambados:** Durante o verán, esta festa celebra o viño albariño, que é famoso pola súa calidade.

O **polbo á feira** é unha receita típica galega que consiste en cocer o polbo e despois córtase en anacos. Botámoslle sal, aceite de oliva e pemento doce ou picante e a comer!

Festa da Filloa en Lestedo

1



Festa do Albariño en Cambados

2



Festa do Polbo no Carballiño

3



Festa do Viño Ribeiro en Ribadavia

4



Festa da Empanada en Bandeira

5



Estas festas non só mostran a comida, senón tamén a cultura e a música galegas. Anímate a visitar unha delas!



Se queres saber máis, consulta a páxina web de Turismo de Galicia (turismo.gal), alí tes moito máis que ver.

Unidade 3

ÍNDICE

Como falamos por teléfono?

Como prohibimos algo?

O número nos substantivos e nos adxectivos

Os demostrativos

O modo indicativo: presente

Léxico: As horas, as partes do día, os días da semana e os meses do ano

Contidos culturais: Música


Como falamos por teléfono?

Neste apartado imos estudar vocabulario e costumes relacionados coas conversas telefónicas. Trataremos os seguintes puntos:

- Como debemos responder cando chaman por teléfono.
- Como debemos preguntar por alguén cando chamamos nós por teléfono.
- Como debemos responder cando preguntan por alguén.
- Que debemos preguntar para saber quen chama.
- Como debemos facer para pasar unha chamada.
- Como debemos coller unha mensaxe.

Como responder ao teléfono

Hai varias formas de responder ao teléfono cando non sabemos quen chama.

 Escoita algúns exemplos na páxina á que podes acceder a través do código QR situado ao inicio deste manual.

Diga?

Dígame?

Si?


Se respondemos unha chamada no traballo, podemos dicir o nome da empresa.

Por exemplo:

Cáritas, bo día.

Xestoría Aurora, bo día.

Como preguntar por alguén

 Hai varias formas de preguntar por unha persoa cando chamamos por teléfono. Imos ver varios exemplos. Escóitao na páxina indicada ao inicio do manual.

Exemplo 1:

—Ola, está Montserrat?

—Ola, quería falar con Artur.

Exemplo 2:

—Ola, bo día. Podo falar con Xana Asturias?

Exemplo 3:

—Bo día. Podería poñerme co señor Moreira?

Exemplo 4:

—A señora Outeiro, por favor?



Exercicio 1



Podemos empregar distintos tipos de saúdos telefónicos dependendo da situación.



Escoita os saúdos na páxina indicada ao inicio do manual. Despois selecciona o máis adecuado en cada caso.

Exemplo:

Chamas ti a unha tenda.

Recibe a chamada un dependente.

—**Zapatería Álvarez, bo día.**

Chama unha xefa.

Recibe a chamada a secretaria na empresa.

Si, Olga, dime. Ei, ola!

Chama un amigo.

Recibe a chamada un rapaz pola rúa.

Ei, ola! Bo día, señor Castro?

Chama unha nai.

Recibe a chamada unha conserxe dun colexio.

Ei, ola! Instituto de Valga, dígame?

Como responder cando preguntan por alguén

Cando alguén chama por teléfono e pregunta por outra persoa, hai varias formas de responder.



Imos ver algúns exemplos de conversas telefónicas para saber como responder cando nos pregunten. Escóitao na páxina indicada ao inicio do manual.

Exemplo de conversa 1:

—Ola, está Eria?

—Si, son eu.

Exemplo de conversa 2:

—Ola, está Eria?

—Non, non está.

Exemplo de conversa 3:

—Ola, bo día. Podo falar con Xana Asturias?

—Síntoo, pero xa marchou.

—Ah! A que hora a podo encontrar?

—Creo que hoxe xa non vai volver, síntoo.

Exemplo de conversa 4:

—Bo día. Podería poñerme co Señor Moreira?

—Un momento, por favor.

Exemplo de conversa 5:

- A señora Outeiro, por favor?
- Síntoo, pero está equivocado.
- Este non é o 981 673 894?
- Non, síntoo.
- Desculpe.

Como saber quen chama

Algunhas veces chaman por teléfono e preguntan por alguén. Para saber quen está chamando podemos preguntar, por exemplo:

De parte de quen, por favor?

Como pasar unha chamada

Cando preguntan por alguén e queremos pasarlle a chamada, podemos responder da seguinte maneira:

- Un momento, agora o poño.
- Un momento, agora o paso con ela.
- Un momento, agora se pon.



Escoita o seguinte exemplo de conversa na páxina indicada ao inicio do manual.

- Ola, podería falar con Antón?
- Si, de parte de quen, por favor?
- Son Moraima.
- Un momento, Moraima, agora se pon.

Como coller unha mensaxe

Cando chaman por teléfono e preguntan por unha persoa que non está, podemos dicir que lle deixen unha mensaxe ou un recado.

Por exemplo:

- Non está, quere deixarlle algunha mensaxe?
- Non está, quere que lle dea algún recado?
- Non está, quere que lle diga algo?



Escoita os seguintes exemplos de conversa na páxina indicada ao inicio do manual.

Exemplo de conversa 1:

- Ola, podería falar con Ane?
- De parte de quen, por favor?
- Son Montserrat.
- Mira, Montserrat, Ane non está. Queres que lle diga algo cando veña?
- Si, por favor, dille que me chame. Graciñas.

Exemplo de conversa 2:

- Ola, podería falar con Ane?
- Agora mesmo non está. Queres deixarlle algún recado?
- Si, dille que a chamou Antón, por favor.



Exercicio 2



Escoita as conversas na páxina indicada ao inicio do manual e logo complétaas.

Exemplo:

- Si?
- Ola, está Moraima?
- Si, son eu.
- Ai, perdoa. Son Ane. Que tal?
- Ola, Ane! Que tal?
- Ben. Chamábate para saber que fas o domingo.**

Conversa 1:

- Diga?
- Ola, quería falar con Moraima.
- De parte de quen?
- De Artur.

Escolle:

- Un momento, agora se pon.
- Si, dígalle que chamou Xana Asturias, por favor.

Conversa 2:

- Industrias Castro, bo día.
- Bo día. Podería falar co señor Castro?
- De parte de quen, por favor?
- De parte de Antón Gómez.
- Un momentinho, por favor. Sr. Gómez, pásao co señor Castro.

Escolle:

- Ah, pois perdoe.
- De acordo, moitas grazas.

Conversa 3:

- Dígame?
- Boa tarde. Podería falar coa señora Ribeiro?
- Síntoo, pero non está. Quere deixar algún recado?

Escolle:

- Si, dígalle que chamou Artur Moreira, por favor.
- Un momento, agora se pon.

Conversa 4:

- Dígame?
- Co señor Sousa, por favor?
- Síntoo, pero creo que se equivoca. Aquí non vive ningún señor Sousa.
- Este non é o número de teléfono 986 567 878?
- Non, non, equivócase.

Escolle:

- Un momento, agora se pon.
- Ah, pois perdoe.

Como prohibimos algo?



Para expresar algo que non podemos facer, podemos usar as seguintes formas:

Está prohibido + sustantivo

Por exemplo:

- Está prohibido o tabaco.
- Están prohibidos os animais.
- Está prohibida a comida.
- Están prohibidas as acampadas.

Está prohibido + verbo en infinitivo

Por exemplo:

- Está prohibido fumar.

Prohíbese + sustantivo

Prohíbense + sustantivo

Por exemplo:

- Prohíbese o paso.
- Prohíbese a entrada.
- Prohíbense os móbiles.
- Prohíbense as mascotas.

Prohíbese + verbo en infinitivo

Por exemplo:

- Prohíbese entrar.

Non se permite + substantivo

Non se permiten + substantivo

Por exemplo:

Non se permite bebida.

Non se permiten bicicletas.

Non se permite + verbo en infinitivo

Por exemplo:

Non se permite pisar a herba.

Non está permitido + substantivo

Non están permitidos + substantivo

Por exemplo:

Non está permitido o tabaco.

Non están permitidos os animais.

Non está permitida a comida.

Non están permitidas as acampadas.

Non está permitido + verbo en infinitivo

Por exemplo:

Non está permitido falar alto.

Non se admite + substantivo

Non se admiten + substantivo

Por exemplo:

Non se admite tabaco.

Non se admite tarxeta de crédito.

Non se admiten nenos.

Non se admiten cámaras.

Non se pode + verbo en infinitivo

Por exemplo:

Neste edificio non se pode entrar sen tarxeta sanitaria.

Non deixan + verbo en infinitivo

Por exemplo:

No meu cole non deixan levar gorra.



Exercicio 3

As seguintes frases expresan prohibición.

Relaciona cada frase co lugar onde podes atopala.

Exemplo:

Prohíbese fumar. -> **Nun restaurante**

Nunha obra de teatro	Na clase
Nun xardín público	Nunha biblioteca
Nun hospital	Nun museo
Nunha tenda de licores	Nunha escaleira mecánica
Nun edificio en construción	Nunha zona peonil

Prohíbese a venda de alcohol a menores de 16 anos. ->

Prohíbese facer ruído. ->

Non se pode xogar á pelota. ->

Non se pode circular a máis de 20 quilómetros por hora. ->

Está prohibida a entrada a todas as persoas alleas a esta obra. ->

Non se permite usar o teléfono móbil. ->

Non están permitidas as visitas a partir das 20:00 horas. ->

Non está permitido asomarse á varanda. ->

Non se pode tocar. ->

Está prohibido facer fotografías. ->

O número nos substantivos e nos adxectivos

Os substantivos e os adxectivos poden estar en singular (refírense a unha unidade: libro interesante, casa nova) ou en plural (refírense a dúas ou máis unidades: libros interesantes, casas novas).

Para facer o plural das palabras en galego, temos que seguir as seguintes normas:

- Engadímoslles -s:
 - ás palabras que acaban en vogal: cravo → cravos.
 - ás palabras que acaban en ditongo (chámase ditongo a aquelas vogais que están na mesma sílaba): xersei → xerseis.
 - ás palabras que acaban en -n: xabón → xabóns.
- Engadímoslles -es:
 - ás palabras que acaban en -r: culler → culleres.
 - ás palabras que acaban en -z (cambian o -z por un -c-): voz → voces.
 - ás palabras agudas que acaban en -s: autobús → autobuses.
 - ás palabras monosílabas que acaban en -s e en -l: deus → deuses, xel → xeles.
 - ás palabras graves acabadas en -l: túnel → túneles.
- Engadímoslles -is ás palabras agudas de máis dunha sílaba que acaban en -l e eliminamos o -l: azul → azuis.
- Engadímoslles -s ás palabras que rematan nunha consoante que non sexa -n, -r, -l, -z ou -s: robot → robots, pub → pubs, álbum → álbums.
- As palabras graves que acaban en -s ou -x son iguais en singular e en plural: o lapis/os lapis.
- As palabras esdrúxulas que acaban en -s ou -x son iguais en singular e en plural: o mércores/os mércores.
- As palabras que acaban en dúas consoantes ou máis e que a última consoante é -s ou -x son iguais en singular e en plural: o luns/os luns.



Exercicio 4

Forma o plural das seguintes palabras.

fácil ->

mel ->

café ->

lambón ->

metal ->

farol ->

real ->

dócil ->

mísil ->

téxtil ->

rei ->

barril ->

animal ->

cadril ->

ril ->

deus ->

club ->

álbum ->

cruel ->

control ->

til ->

Os demostrativos

Os demostrativos son palabras que nos din a que distancia está algo da persoa que fala, no espazo ou no tempo.

Os demostrativos están relacionados cos adverbios de lugar aquí (cerca da persoa que fala), aí (cerca da persoa que escoita) e alí (lonxe).

Para falar de substantivos que están aquí, utilizamos os seguintes demostrativos: **este, estes, esta, estas.**

Por exemplo:

Este avión é bastante novo.

Utilizamos o demostrativo neutro **isto** para falar de algo que está aquí, pero que non coñecemos ou non queremos nomear.

Por exemplo:

Que é isto?

Para falar de substantivos que están aí, utilizamos os seguintes demostrativos: **ese, eses, esa, esas.**

Por exemplo:

Ese avión é vellísimo.

Utilizamos o demostrativo neutro **iso** para falar de algo que está alí, pero que non coñecemos ou non queremos nomear.

Por exemplo:

Non me gusta iso.

Para falar de substantivos que están alí ou alá, utilizamos os seguintes demostrativos: **aquel, aqueles, aquela, aquelas.**

Por exemplo:

Aquel libro está roto.

Utilizamos o demostrativo neutro **aquilo** para falar de algo que está alí ou alá, pero que non coñecemos ou non queremos nomear.

Por exemplo:

Non recordo aquilo que comemos.



Exercicio 5

Escribe nas liñas de puntos os demostrativos que atopas en cada frase.

Exemplo:

Tráeme ese libro, este que me emprestaches encántame. -> **ese e este**

Isto vaiche ser moi difícil. ->

Despois de saber iso, teñen que vender aquela casa. -> e

Eu prefiro este, pero é algo máis caro que ese. -> e

Estes vídeos están algo pasados de moda, eses están moito mellor. -> e
.....

Este é o lugar no que meu pai garda eses ferranchos seus. -> e

Con esa amplificación non escoitamos nada ben esta música. -> e

Eu fago todo isto con estas manciñas tan xeitosas. -> e

Acabar esa etapa custa moito. ->

Esa é a maneira de facelo para conseguilo. ->

O modo indicativo: presente

En galego existen tres modos verbais: o modo indicativo, o modo subxuntivo e o modo imperativo.

Utilizamos o modo indicativo para falar de cousas que pasan no presente, para falar de cousas que pasaron no pasado e para falar de cousas que pasarán no futuro.

Por exemplo:

Xana **ten** un fillo de vinte e oito anos (indicativo, presente).

Moraima **comeu** un xeado de amorodo (indicativo, pasado).

Antón **viaxará** a Lanzarote a próxima semana (indicativo, futuro).

Formas do presente de indicativo dos verbos regulares

	amar	comer	vivir
Eu	amo	como	vivo
Ti	amas	comes	vives
El, ela, vostede	ama	come	vive
Nós	amamos	comemos	vivimos
Vós	amades	comedes	vivides
Eles, elas, vostedes	aman	comen	viven

Formas do presente de indicativo dos verbos *ser* e *estar*

	ser	estar
Eu	son	estou
Ti	es	estás
El, ela, vostede	é	está
Nós	somos	estamos
Vós	sodes	estades
Eles, elas, vostedes	son	están



Exercicio 6

Vas facer un ditado con verbos en indicativo e presente.



Primeiro escoita os audios na páxina indicada ao inicio do manual.
Despois escribe nas liñas de puntos o que escoites en cada audio.

Exemplo:

Nas panaderías venden pan.

Audio 1:

Audio 2:

Audio 3:

Audio 4:

Audio 5:

Audio 6:

Audio 7:



Exercicio 7

Escribe as formas de presente que faltan.

Cantar

Eu: canto

Vostede:

Nós:

Vós:

Beber

Eu:

Vostede:

Nós: bebemos

Vós:

Estar

Eu:

Vostede: está

Nós:

Vós:

Ser

Eu:

Vostede:

Nós:

Vós: sodes

Abrir

Eu: abro

Vostede:

Nós:

Vós:

Estudar

Eu:

Vostede:

Nós:

Vós: estudades

Correr

Eu:

Vostede: corre

Nós:

Vós:

Recibir

Eu: recibo

Vostede:

Nós:

Vós:

Léxico: As horas, as partes do día, os días da semana e os meses do ano

As horas

Que hora é?

É a unha en punto.

Son as dúas.

Son as tres...

Para especificar os minutos, usamos as seguintes expresións:

Son as catro e cinco.

Son as cinco e dez.

Son as seis e cuarto.

Son as sete e vinte.

Son as oito e vinte e cinco.

Son as nove e media.

Son as dez menos cinco.

Son as once menos dez.

Son as doce menos cuarto.

É a unha menos vinte.

Son as dúas menos vinte e cinco.



Exercicio 8



Escoita o exemplo na páxina indicada ao inicio do manual.
Despois, di que hora marcan os seguintes reloxo.

Exemplo:



Resposta: Son as seis en punto.



.....



.....



.....



.....



.....

As partes do día

O amencer: cando sae o sol.

A mañá: desde que sae o sol ata o mediodía.

O mediodía: as doce da mañá.

A tarde: desde o mediodía ata o serán.

O serán: desde que comeza a poñerse o sol ata a noite.

A noite: desde a posta ata a saída do sol.

A medianoite: as doce da noite.

A madrugada: desde a medianoite ata o amencer.



Exercicio 9

Une as seguintes actividades coa parte do día na que se fan normalmente.

Medianoite

Durmir

Mañá

Ver a televisión

Tarde

Comer as uvas en Fin de Ano

Noite

Merendar

Serán

Almorzar

Os días da semana

Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo



Se tes curiosidade por saber de onde veñen os nomes dos días da semana, mira o vídeo *Os nomes dos días da semana* que atoparás na páxina indicada ao inicio do manual.

Os meses do ano

Xaneiro

Xullo

Febreiro

Agosto

Marzo

Setembro

Abril

Outubro

Maio

Novembro

Xuño

Decembro

O ano tamén está dividido en partes que agrupan varios meses. Estas divisións fanse atendendo ao tempo meteorolóxico, están marcadas polos equinoccios e os solsticios e chámanse estacións. As estacións son **primavera, verán, outono e inverno**.



No vídeo *Os nomes das estacións do ano* do Portal das Palabras que atoparás na páxina indicada ao inicio do manual, Francisco Fernández Rei cóntanos curiosidades sobre as estacións.



Exercicio 10


Nesta sopa de letras debes de atopar as seguintes palabras: luns, mércores, xoves, venres, xaneiro, maio, xullo, setembro, outubro, novembro.

H	G	J	S	E	T	E	M	B	R	O	D	W	Q
Z	F	R	D	M	A	I	O	P	A	C	O	N	C
D	M	A	D	E	T	D	C	S	U	G	O	F	T
I	E	E	Y	I	W	U	E	G	J	I	E	Q	N
U	D	G	W	N	L	W	P	U	W	G	F	N	P
X	O	V	E	S	D	S	W	T	X	U	C	C	E
X	A	N	E	I	R	O	U	E	Q	P	U	U	E
O	C	H	X	U	L	L	O	R	Q	Q	O	G	C
D	D	S	D	N	W	O	U	T	U	B	R	O	N
O	W	X	M	É	R	C	O	R	E	S	E	Z	C
V	L	U	N	S	A	U	Z	T	G	Q	E	X	E
D	K	M	C	E	I	Y	K	A	T	C	L	P	H
P	S	N	O	V	E	M	B	R	O	E	M	H	L
J	P	V	E	N	R	E	S	B	J	W	F	F	T

Contidos culturais: Música

Os nosos festivais de música

Galicia é unha terra chea de tradicións e os seus festivais de música son unha expresión desta cultura. Algúns dos máis destacados son O Son do Camiño, o Morriña Fest, o PortAmérica e o Festival de Ortigueira.



O Son do Camiño é un festival que ten lugar en Santiago de Compostela e que conta con moita popularidade nos últimos anos. Reúne moitos artistas nacionais e internacionais, e inclúe xéneros que van desde o pop e o rock ata a música electrónica. O ambiente festivo e o marco incomparable da cidade de Santiago fan deste festival unha experiencia única para os asistentes.

O Morriña Fest, na Coruña, é un punto de encontro para os amantes da música alternativa e de autor. Este festival destaca por poñer o foco na música en galego e por darlles visibilidade a artistas emerxentes da comunidade. O Morriña Fest ofrece concertos, pero tamén actividades culturais e gastronómicas nun ambiente acoledor e familiar.

O PortAmérica, en Caldas de Reis, é outro festival que combina música, gastronomía e cultura. Céntrase na música alternativa e de autor, e a súa programación inclúe artistas consagrados e novas promesas. Ademais dos concertos, os asistentes ao PortAmérica poden gozar tamén da gastronomía galega.

Finalmente, o Festival de Ortigueira é un dos festivais máis emblemáticos de música celta en Galicia. Atráe miles de visitantes cada ano. A súa programación inclúe os mellores artistas de música celta, locais e internacionais, polo que este festival é unha celebración da cultura galega e das súas tradicións musicais.

En resumo, os festivais de música en Galicia son unha mostra do rico patrimonio cultural da comunidade. Ofrécenlles aos asistentes a oportunidade de gozar de moitos xéneros musicais en espazos espectaculares. Cada un deles ten un carácter e encanto propios e converten a Galicia nun marabilloso destino para os amantes da música.



Exercicio 11

Responde verdadeiro ou falso ás seguintes preguntas.

O Son do Camiño ten lugar na cidade de Santiago de Compostela.

[Verdadeiro / Falso]

O Morriña Fest inclúe cultura e gastronomía, ademais de concertos.

[Verdadeiro / Falso]

No Morriña Fest non podes escoitar grupos galegos porque se centra en grupos de música de fóra.

[Verdadeiro / Falso]

O festival de Caldas de Reis chámase PortAmérica e os músicos que actúan alí son todos artistas consagrados.

[Verdadeiro / Falso]

O Festival de Ortigueira é o festival da música celta.

[Verdadeiro / Falso]

O Festival de Ortigueira conta cun público reducido.

[Verdadeiro / Falso]



Exercicio 12

Agora fálanos ti dun festival da túa terra e cóntanos como é.

Unidade 4

ÍNDICE

Como expresamos obrigacións?

Que adverbios usamos para indicar lugar e tempo?

Os conectores

Os posesivos

O modo indicativo: pasado

Léxico: A vivenda

Contidos culturais: O Camiño de Santiago

Como expresamos obrigacións?

Para falar de obrigacións podemos usar as seguintes formas:

- Podemos usar **é obrigatorio** máis un **substantivo**. **É obrigatorio** pode estar en feminino ou en masculino. Tamén pode estar en singular ou en plural.

Por exemplo:

No meu traballo **é obrigatorio o casco**.

No centro médico **é obrigatoria a máscara**.

No contrato explica que **son obrigatorios os cursos**.

Nesta empresa **son obrigatorias as viaxes de traballo**.

- Podemos usar **é obrigatorio** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

É obrigatorio entregar o traballo esta semana.



Exercicio 1

As seguintes frases expresan obrigación. Une cada frase co lugar onde podes atopala.

Exemplo:

Lembrámoslles a todos os empregados que é obrigatorio ter o móbil desconectado nas horas de traballo. -> Nunha empresa

É obrigatorio usar o cinto de seguridade.

É obrigatorio o gorro de baño.

É obrigatoria a máscara.

É obrigatorio o casco.

Son obrigatorias as luvas para coller a froita.

Nunha obra

Nun supermercado

Nunha piscina pública

Nunha estrada

Na sala de espera dun hospital

Que adverbios usamos para indicar lugar e tempo?

Os adverbios son palabras invariables que poden expresar distinta información. Os adverbios non teñen formas de plural ou de singular nin formas de masculino ou de feminino.

Se temos en conta a información que nos dan, os adverbios poden ser de varios tipos.

Por exemplo:

de tempo

de lugar

Adverbios de tempo

antonte	onte	hoxe	mañá	pasadomañá	nunca
antes	cedo	agora	despois	tarde	sempre

Por exemplo:

Chamáronme **onte** para un novo traballo.

Teño a entrevista **pasadomañá**.

Adverbios de lugar

cerca	lonxe
diante	detrás
dentro	fóra

aquí	aí	alí
------	----	-----

Por exemplo:

Dentro do coche estabamos ben porque **fóra** ía moito frío.

Diante da nosa casa hai un parque infantil.

As locucións adverbiais

As locucións adverbiais son combinacións fixas de dúas ou máis palabras que xuntas funcionan como un adverbio.

Algunhas locucións adverbiais son: **en fronte, ao lado, á beira...**

Por exemplo:

En fronte da miña casa, hai un parque.



Exercicio 2

Escribe estes adverbios no lugar que corresponda para completar as seguintes frases.

aquí	lonxe	onte	sempre
fóra	tarde	en fronte	

Vivo do traballo, pero sempre vou andando.

..... non te chamei porque tiven moito traballo.

Déixoches o libro que me pediches.

O meu can nunca dorme

Imos chegar outra vez.

..... me deito ás dez da noite.

O cuarto de baño está da porta.

Os conectores

Os conectores, tamén chamados nexos, son palabras ou grupos de palabras que utilizamos para unir uns enunciados con outros.

Os conectores tamén serven para relacionar os parágrafos dun texto e para organizar as ideas.

Algúns conectores son:

e: emprégase para enlazar palabras ou frases que teñen a mesma función, sumando unha a outra.

Por exemplo:

Onte merquei un pantalón **e** unha camisa.

ademais: engade un elemento que reforza o que se dixo antes.

Por exemplo:

Ademais de intelixente, é unha persoa moi traballadora.

pero: utilízase para expresar oposición de algo que se dixo antes.

Por exemplo:

Dixeron que viñan, **pero** non viñeron.

porque: utilízase para explicar a causa dun acontecemento.

Por exemplo:

O atracador disparou **porque** se puxo nervioso.



Exercicio 3

Completa as seguintes frases cos conectores do cadro.

Exemplo:

Cóidase moito e, **ademais**, fai moito deporte.

porque ademais e pero

O meu traballo gústame moito, traballo moitas horas.

Eu teño un can dous gatos.

Non vou de vacacións non teño moitos cartos.

A miña casa é moi grande e,, ten moita luz.

Os posesivos

Usamos os posesivos para explicar que unha persoa ou varias persoas posúen algo.

Os posesivos acompañan un substantivo nas oracións.

Un substantivo é unha palabra que nomea unha persoa, animal, cousa ou lugar.

Cando a persoa que posúe algo é **eu**, os posesivos son:

meu
meus
miña
miñas

Cando a persoa que posúe algo é **ti**, os posesivos son:

teu
teus
túa
túas

Cando a persoa que posúe algo é **el**, **ela** ou **vostede**, os posesivos son:

seu
seus
súa
súas

Cando a persoa que posúe algo é **nós**, os posesivos son:

noso
nosos
nosa
nosas

Cando a persoa que posúe algo é **vós**, os posesivos son:

voso
vosos
vosa
vosas

Cando a persoa que posúe algo é **eles**, **elas** ou **vostedes**, os posesivos son:

seu
seus
súa
súas



Exercicio 4

Completa coa forma do posesivo adecuada.

meu	voso	súa	teus	noso
túas	seus	súa	voso	túa

Exemplo:

As **túas** pernas son moi longas. (de ti)

Onte vin a curmá. (**de Pedro**)

Os parentes de Barcelona chegarán mañá. (**de ti**)

O tío vive en Vigo. (**de min**)

O patinete (**de vós**) é mellor que o (**de nós**)

Coñecémonos na voda. (**deles**)

A saia é vermella. (**de ti**)

As plantas xa están en flor. (**de ti**)

O enfado non ten explicación. (**de vós**)

Os fillos parécenselles moito. (**deles**)

O modo indicativo: pasado

En galego existen tres modos verbais: o modo indicativo, o modo subxuntivo e o modo imperativo.

Utilizamos o modo indicativo para falar de cousas que pasan no presente, para falar de cousas que pasaron no pasado e para falar de cousas que pasarán no futuro.

Por exemplo:

Xana **ten** un fillo de vinte e oito anos (indicativo, presente).

Moraima **comeu** un xeado de amorodo (indicativo, pasado).

Antón **viaxará** a Lanzarote a próxima semana (indicativo, futuro).

Nesta unidade imos ver como facemos para falar de cousas que pasaron no pasado.

O pretérito de indicativo

Usamos os verbos en pretérito de indicativo para falar de accións rematadas nun momento do pasado.

Por exemplo:

Cando **saín** da casa, chegou o carteiro.

Esta oración significa que o carteiro chegou e eu xa non estaba na casa.

Formas do pretérito de indicativo dos verbos regulares

	amar	comer	vivir
Eu	amei	comín	vivín
Ti	amaches	comiches	viviches
El, ela, vostede	amou	comeu	viviu
Nós	amamos	comemos	vivimos
Vós	amastes	comestes	vivistes
Eles, elas, vostedes	amaron	comeron	viviron

Formas do pretérito de indicativo dos verbos *ser* e *estar*

	ser	estar
Eu	fun	estiven
Ti	fuches	estiveches
El, ela, vostede	foi	estivo
Nós	fomos	estivemos
Vós	fostes	estivestes
Eles, elas, vostedes	foron	estiveron



Exercicio 5

Escribe as formas de pretérito que faltan.

Cantar

Eu: cantei

Vostede:

Nós:

Vós:

Beber

Eu:

Vostede:

Nós: bebemos

Vós:

Estar

Eu:

Vostede: estivo

Nós:

Vós:

Ser

Eu:

Vostede:

Nós:

Vós: fostes

Abrir

Eu: abrí

Vostede:

Nós:

Vós:

Estudar

Eu:

Vostede:

Nós:

Vós: estudastes

Correr

Eu:

Vostede: correu

Nós:

Vós:

Recibir

Eu: recibí

Vostede:

Nós:

Vós:



Exercicio 6

Os verbos das seguintes frases están en presente, ponos en pretérito:

Exemplo:

Ana **come** (presente) moita froita: Ana **comeu** moita froita.

Eu **vivo** cerca da praia: eu cerca da praia.

Nós **somos** bastante puntuais: nós bastante puntuais.

Eles **están** en París: eles en París.

Antía **estuda** tres idiomas: Antía tres idiomas.

Vós **andades** moi ben en bicicleta: vós moi ben en bicicleta.

Vostede **le** o xornal na biblioteca: vostede o xornal na biblioteca.

O copretérito de indicativo

Usamos os verbos en copretérito de indicativo para falar de accións que se estaban levando a cabo nun momento do pasado.

Por exemplo:

Cando **saía** da casa, chegou o carteiro.

Esta oración significa que o carteiro chegou e eu aínda estaba na casa.

Formas do copretérito de indicativo dos verbos regulares

	amar	comer	vivir
Eu	amaba	comía	vivía
Ti	amabas	comías	vivías
El, ela, vostede	amaba	comía	vivía
Nós	amabamos	comíamos	vivíamos
Vós	amabades	comíades	viviades
Eles, elas, vostedes	amaban	comían	vivían

Formas do copretérito de indicativo dos verbos *ser* e *estar*

	ser	estar
Eu	era	estaba
Ti	eras	estabas
El, ela, vostede	era	estaba
Nós	eramos	estabamos
Vós	erades	estabades
Eles, elas, vostedes	eran	estaban



Exercicio 7

Escribe as formas de copretérito que faltan.

Cantar

Eu: cantaba

Vostede:

Nós:

Vós:

Beber

Eu:

Vostede:

Nós: bebiamos

Vós:

Estar

Eu:

Vostede: estaba

Nós:

Vós:

Ser

Eu:

Vostede:

Nós:

Vós: erades

Abrir

Eu: abría

Vostede:

Nós:

Vós:

Estudar

Eu:

Vostede:

Nós:

Vós: estudabades

Correr

Eu:

Vostede: corría

Nós:

Vós:

Recibir

Eu: recibía

Vostede:

Nós:

Vós:



Exercicio 8

Completa o texto coas formas do copretérito destes verbos.

Exemplo:

Cando ____ (ser) máis novo, ____ (viaxar) moito. -> Cando **era** máis novo, **viaxaba** moito.

Antes eu (vivir) coa miña familia nunha casa moi grande. No verán (desfrutar) moito xogando cos meus primos, que (ser) máis vellos ca min e (saber) moitos xogos divertidos.

Eu (andar) sempre cun can que (ser) dos veciños, pero (estar) moito na nosa casa e (comer) moitas veces alí.

Léxico: A vivenda

Tipos de vivenda

Casa: vivenda dunha ou máis plantas na que vive unha familia. Pode ter xardín e, xeralmente, está fóra dos núcleos urbanos.

Edificio: construción grande dedicada a vivendas, oficinas...

Piso: vivenda nun edificio de varias plantas.

Apartamento: piso de pequeno tamaño.

As partes da casa

Cociña: espazo da casa onde se preparan os alimentos.

Cuarto de baño: lugar da casa destinado ao aseo e á hixiene persoal.

Salón: cuarto principal da casa, destinado normalmente ao lecer e a recibir visitas.

Corredor: espazo longo que conecta os distintos cuartos da casa.

Cuarto: parte dunha vivenda que está separada das demais por paredes. Tamén se emprega co mesmo significado de dormitorio.

Dormitorio: cuarto onde se dorme.

Escaleiras: construción que serve para subir e baixar dun piso a outro.

Tellado: parte superior da casa que a cobre e a protexe da chuvia e do sol.

Ascensor: aparello que serve para subir e baixar dun piso a outro.

Ventá: abertura na parede que permite a entrada da luz e do aire.

Porta: abertura feita nunha parede que permite entrar nun cuarto ou nun edificio.

Balcón: plataforma que sobresaí da parede da casa, onde se pode estar ao aire libre.

Cheminea: estrutura na casa que permite a saída do fume.


Recibidor: espazo situado á entrada dalgunhas casas, onde se recibe a xente.



Exercicio 9

Ponlles os nomes ás estancias da casa.

cociña	corredor	dormitorio	salón	cuarto de baño
--------	----------	------------	-------	----------------



Exercicio 10

Completa o texto coas palabras do cadro:

casa	cociña	corredor	cuartos de baño	ascensor
cuartos	dormitorios	piso	salón	escaleiras

- Moraima: Como é a onde vives?
- Antón: Non é unha casa, é un
- Moraima: E é moi grande? Cantos ten?
- Antón: Ten tres e dous

- Moraima: E ten
- Antón: Non, pero é nunha primeira planta e non teño que subir moitas
- Moraima: Que é o que máis che gusta do teu piso?
- Antón: O, é moi amplo e ten moita luz.
- Moraima: E o que menos che gusta?
- Antón: O, que é moi escuro e estreito.



Exercicio 11

Ponlles os nomes ás partes da casa.


escaleira	porta	cheminea	ventá	tellado
-----------	-------	----------	-------	---------





Exercicio 12

Despois de ler as descrições que estas persoas fan da súa vivenda, sabes de quen é a vivenda do plano?



A. Moraima

Eu vivo nunha casa lonxe da cidade. A miña casa non é moi grande, pero ten espazo suficiente para min e para o meu can, Neo. Ten unha cociña pequena, un cuarto de baño bastante amplo, un salón moi grande e luminoso e un dormitorio. O recibidor tamén é bastante grande e nel dorme Neo os días que chove ou vai moito frío. O que máis nos gusta a min e a Neo é o xardín, onde podemos correr, xogar ou ler.

B. Eria

Eu vivo nun edificio de tres plantas nun barrio moi tranquilo e con moitos parques e xardíns. O meu apartamento é pequeno, pero moi acolledor. Ten unha cociña, un salón, un dormitorio e un cuarto de baño.

O que máis me gusta do meu apartamento é que está na terceira planta e ten moi boas vistas. As mellores vistas téñoas dende o dormitorio, que dá a un xardín moi grande e con moitas árbores e plantas.

O malo é que non hai ascensor e teño que subir e baixar polas escaleiras.

C. Xana

Eu vivo coa miña familia nun piso no centro da cidade. O meu piso é bastante grande e cómodo. Ten tres dormitorios, dous cuartos de baño e unha cociña con moito espazo para cociñar. O salón é moi luminoso e nel paso moito tempo xogando cos nenos.

O piso tamén ten un pequeno balcón. Esta é a parte que máis nos gusta da casa porque alí temos algunhas plantas e unhas cadeiras para sentarnos ao aire libre.

O piso está na quinta planta do edificio, pero ten dous ascensores e podemos subir e baixar comodamente.

Escolle unha opción: Moraima Eria Xana



Exercicio 13

Agora escribe un texto de entre 100 e 150 palabras e cóntanos como é a túa vivenda ideal.

Contidos culturais: O Camiño de Santiago



O Camiño de Santiago é unha ruta histórica que leva á cidade de Santiago de Compostela, en Galicia, España. A súa orixe remóntase ao século IX, cando se descubriu a tumba do apóstolo Santiago. Desde entón, moitas persoas comezaron a peregrinar a Santiago de Compostela e o Camiño converteuse nunha das rutas de peregrinación máis importantes de Europa. Moita xente percorre o Camiño por motivos espirituais ou relixiosos, pero tamén hai quen o fai por outras razóns (deportivas, culturais, gastronómicas...).

Coa chegada do cristianismo, o Camiño converteuse nunha das rutas de peregrinación máis importantes de Europa.

Existen diferentes rutas para chegar a Santiago. A máis popular é o Camiño Francés, que comeza en Saint-Jean-Pied-de-Port, en Francia, e ten aproximadamente 800 quilómetros.

Outras rutas son o Camiño do Norte, que segue a costa do mar Cantábrico, e o Camiño Portugués, que comeza en Portugal.

Tamén hai rutas menos coñecidas, como o Camiño Primitivo, que é o máis antigo, e o Camiño Inglés, que comeza en Ferrol ou na Coruña.

A mellor época para facer o Camiño de Santiago é na primavera (de abril a xuño) e no outono (de setembro a outubro). Durante estes meses, o clima é agradable e hai menos xente. No verán, pode ir moita calor e haberá moitos peregrinos, mentres que no inverno, as temperaturas son frías e pode haber neve nalgúns tramos.

Se decides facer o Camiño, aquí van algúns consellos:

1. Prepara a mochila: leva só o necesario. Unha mochila lixeira fará que camiñar sexa máis fácil. Inclúe roupa cómoda, calzado adecuado, a credencial do peregrino e algo de comida.

2. Hidrátate: bebe moita auga durante o Camiño. É importante manterse hidratado, especialmente nos días quentes.

3. Fai pausas: non te apresures. É importante descansar e gozar da paisaxe. Fai paradas para comer e relaxarte.

4. Coñece xente: o Camiño é unha oportunidade para coñecer outras persoas de diferentes países. Comparte historias e experiencias coa outra xente que atopas no Camiño.

5. Respecta a natureza: mantén limpas as rutas e respecta o medio ambiente. Non deixes lixo e coida os lugares que visitas.

6. Respecta a poboación: é normal que sintas felicidade cando chegues a Santiago de Compostela e que queiras compartila, pero lembra respectar a poboación e celebra a túa chegada sen exceso de ruído.

7. Coida o patrimonio: non deixes recordos nin obxectos persoais en calquera sitio da cidade.

Facer o Camiño de Santiago é unha experiencia única que combina aventura, reflexión e amizade. Se tes a oportunidade, non o dubides!



Exercicio 14

Responde verdadeiro ou falso ás seguintes preguntas.

O Camiño de Santiago ten a súa orixe no século IX.

[Verdadeiro / Falso]

Os peregrinos fan sempre o Camiño de Santiago por razóns espirituais ou relixiosas.

[Verdadeiro / Falso]

O Camiño Francés ten case 800 quilómetros.

[Verdadeiro / Falso]

O Camiño Primitivo é menos coñecido, pero é o máis antigo.

[Verdadeiro / Falso]

A mellor época para facer o Camiño de Santiago é no inverno, cando as temperaturas son máis frías.

[Verdadeiro / Falso]

Durante o Camiño é importante non facer moitas pausas, para chegar antes.

[Verdadeiro / Falso]



Se tes previsto facer o Camiño de Santiago, non esquezas ver o vídeo *Consellos para camiñadas de longa distancia*. Podes acceder a el co código QR situado ao inicio deste manual.

Unidade 5

ÍNDICE

Como falamos de hábitos?

Como falamos de accións que pasan no tempo?

As normas de acentuación

O modo indicativo: futuro

Os indefinidos

Léxico: As profesións

Contidos culturais: O clima e a paisaxe

Como falamos de hábitos?

Un hábito é unha actividade que unha persoa fai da mesma maneira ou sempre á mesma hora.

Para falar de hábitos podemos usar as seguintes formas:

Podemos usar **é normal** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

En Galicia **é normal comer** tarde.

Tamén podemos usar a forma **non é normal** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

En Galicia **non é normal deitarse** cedo.

Podemos usar **é habitual** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

Na miña casa **é habitual tomar** café despois de comer.

Tamén podemos usar a forma **non é habitual** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

Na miña casa **non é habitual tomar** doces.

Podemos usar **é frecuente** máis un **verbo en infinitivo**.

Tamén podemos usar a forma **non é frecuente** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

No meu país **é frecuente vivir** cos avós.

Na miña casa **non é frecuente tomar** café despois de comer.

Podemos usar **é raro** máis un **verbo en infinitivo**.

Tamén podemos usar a forma **non é raro** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

Na miña empresa **é raro chegar** tarde.

Na cidade **non é raro saír** pola noite.

Podemos usar **o verbo adoitar** máis un **verbo en infinitivo**.

Tamén podemos usar esta oración en negativo.

Por exemplo:

Eu **adoito comer** despois das 3 da tarde.

Nós **non adoitamos tomar** café despois de comer.



Exercicio 1

As seguintes frases expresan hábitos que se poden realizar para estudar.

Escribe a frecuencia con que fas ti estas cousas.

Exemplo:

Ler revistas en galego. -> **Eu adoito ler revistas en galego unha vez á semana.**

Consultar as dúbidas. -> **Eu non adoito consultar as miñas dúbidas.**

Facer os exercicios do curso. ->

Estudar a gramática do curso. ->

Falar galego no lugar onde vivo. ->

Ler xornais e libros en galego. ->

Ver películas en galego. ->

Escoitar música en galego. ->

Consultar gramáticas e dicionarios. ->

Navegar por webs que están en galego. ->



Exercicio 2

Le as seguintes frases sobre algunhas cousas que son habituais en Galicia:

En Galicia é normal preparar as vacacións con pouca antelación.

En Galicia adóitase comer coa familia os domingos.

En Galicia é moi frecuente mostrarlles toda a casa aos invitados que nos visitan por primeira vez.

En Galicia moita xente toma café despois de comer.

En Galicia céase despois das 9 da noite.

En Galicia non é normal deitarse cedo.

En Galicia é normal convidar os amigos e as amigas a tomar algo o día do teu santo ou aniversario.

En Galicia é habitual abrir o regalo diante da persoa que nolo fixo.

En Galicia é raro comer sen pan.

Agora teslle que escribir **un correo electrónico** a un rapaz alemán que vai vir pasar unha tempada a Galicia.

O **texto** debe ter entre **150 e 180 palabras**.

No texto tes que tratar os seguintes puntos:

- Falarlle dos horarios das comidas en Galicia.
- Falarlle dos horarios do traballo en Galicia.
- Contarlle que adoitan facer os galegos no seu tempo libre.
- Contarlle como se relaciona a xente en Galicia.

Podemos dar a nosa opinión sobre un hábito, dar un consello sobre un hábito ou valorar un hábito.

Valorar un hábito é dicir se nos parece bo ou malo.

Para dar a nosa opinión, aconsellar ou valorar un hábito podemos usar as seguintes formas:

Podemos usar **é bo** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

É bo camiñar todos os días.

Podemos usar **é malo** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

É malo comer moitos doces.

Podemos usar **é aconsellable** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

É aconsellable facer exercicio todos os días.

Podemos usar **é interesante** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

É interesante coñecer xente nova.

Podemos usar **é doado** máis un **verbo en infinitivo**.

Por exemplo:

Para os nenos **é doado aprender** unha nova lingua.



Exercicio 3

As seguintes frases expresan hábitos.

Complétaas coa túa opinión sobre cada hábito.

Ir camiñando ao traballo

é interesante. é doado. é aconsellable. é malo. é bo.

Comer froita todos os días

é interesante. é doado. é aconsellable. é malo. é bo.

Ler nun sitio con pouca luz

é interesante. é doado. é aconsellable. é malo. é bo.

Andar en bicicleta

é interesante. é doado. é aconsellable. é malo. é bo.

Cear ben antes de ir durmir

é interesante. é doado. é aconsellable. é malo. é bo.

Aprender idiomas

é interesante. é doado. é aconsellable. é malo. é bo.

Durmir a sesta

é interesante. é doado. é aconsellable. é malo. é bo.

Como falamos de accións que pasan no tempo?



Agora imos aprender a falar da duración do tempo e a localizar cando ocorre unha acción no tempo.

Hai + cantidade de tempo + que + verbo

Para falar da duración dunha acción, podes usar o verbo **hai** máis **unha cantidade de tempo** máis a palabra **que** e un **verbo** conxugado.

Tamén podes utilizar este tipo de oracións para falar do tempo que pasou dende que ocorreu unha acción.

Por exemplo:

Hai máis de tres anos que vivo en Galicia.

Hai moito tempo que marchou o teu irmán.

Hai 30 días que volveron de Dinamarca.

Para falar da cantidade de tempo que pasa, usamos diferentes palabras.

Por exemplo: moito tempo, pouco tempo, séculos, anos, meses, días, horas, segundos.

Dende hai + cantidade de tempo

Tamén podes usar as palabras **dende hai** e a cantidade de tempo.

Por exemplo:

Non vexo a Carlos **dende hai un ano**.

Estou neste traballo **dende hai 6 meses**.

Dende + data

Para falar do comezo dunha acción ou proceso, podes usar a palabra **dende** e a **data** na que comezou.

Por exemplo:

Traballo nesta empresa **dende 1992**.

A fonte está na praza do Concello **dende 1789**.

Desde + data

Tamén podes usar **desde** e a **data**.

Por exemplo:

Traballo nesta empresa **desde 1992**.

A fonte está na praza do Concello **desde 1789**.

Dende que + verbo

Para falar do inicio dunha acción ou proceso, tamén podes usar **dende que** e un **verbo** conxugado.

Por exemplo:

Carme vive en Ourense **dende que rematou** os estudos.

Dende que estás aquí, todo é mais fácil.



Exercicio 4

Escolle a palabra ou grupo de palabras correspondente para completar as oracións.

Exemplo:

Escribe relatos curtos _____ hai 15 anos.

Escribe relatos curtos **dende** hai 15 anos.

Rematou os seus estudos de xeografía [dende que / hai / dende] 10 anos.

[dende hai / Dende que / Dende] é a coordinadora do proxecto, conseguiu grandes éxitos.

[hai / dende / Dende que] se xubilou, viaxa moito máis.

Estuda na Escola Oficial de Idiomas [dende / dende que / hai] o 2015.

Vive en Compostela [dende / Desde que / hai] moito tempo.

As normas de acentuación

As palabras con máis dunha sílaba teñen unha sílaba tónica.

A sílaba tónica é a sílaba dunha palabra que se pronuncia máis forte.

As palabras poden ser **agudas**, **graves** ou **esdrúxulas** dependendo da posición da sílaba tónica na palabra.

A sílaba tónica das palabras agudas é a última sílaba da palabra: **camión**.

A sílaba tónica das palabras graves é a penúltima sílaba da palabra: **cabalo**, **cama**.

A sílaba tónica das palabras esdrúxulas é a antepenúltima sílaba da palabra: **sábado**.

Que palabras levan acento gráfico?

Palabras agudas

As palabras agudas levan acento cando rematan en vogal, vogal + n, vogal + s, vogal + ns: mañá, almacén, francés, composteláns.

Palabras graves

As palabras graves levan acento cando rematan nunha consoante diferente de -n, -s ou -ns: difícil, álbum, carácter, bíceps, ítems..., por iso, palabras como cantan ou lapis non se acentúan.

Palabras esdrúxulas

As palabras esdrúxulas sempre levan acento: médico, bágoa, cónxuxe, sílaba.



Exercicio 5

Escribe as seguintes palabras no lugar que lles corresponde.

auga	automóbil	azul	cor	médico
portátil	xénero	planeta	carné	
tamén	sol	mandíbula	vexetal	políticos
mans	veráns	fantástico	tesouro	

Palabras agudas (última sílaba)

.....

Palabras graves (penúltima sílaba)

.....

Palabras esdrúxulas (antepenúltima sílaba)

.....

Palabras monosilábicas

.....



Exercicio 6

Das palabras agudas e graves do exercicio anterior, explica por que algunhas delas non levan acento gráfico.

O modo indicativo: futuro

En galego existen tres modos verbais: o modo indicativo, o modo subxuntivo e o modo imperativo.

Utilizamos o modo indicativo para falar de cousas que pasan no presente, para falar de cousas que pasaron no pasado e para falar de cousas que pasarán no futuro.

Por exemplo:

Xana **ten** un fillo de vinte e oito anos (indicativo, presente).

Moraima **comeu** un xeado de amorodo (indicativo, pasado).

Antón **viaxará** a Lanzarote a próxima semana (indicativo, futuro).

Formas do futuro de indicativo dos verbos regulares

	amar	comer	vivir
Eu	amarei	comerei	vivirei
Ti	amarás	comerás	vivirás
El, ela, vostede	amará	comerá	vivirá
Nós	amaremos	comeremos	viviremos
Vós	amaredes	comeredes	viviredes
Eles, elas, vostedes	amarán	comerán	vivirán

Formas do futuro de indicativo dos verbos *ser* e *estar*

	ser	estar
Eu	serei	estarei
Ti	serás	estarás
El, ela, vostede	será	estará
Nós	seremos	estaremos
Vós	seredes	estaredes
Eles, elas, vostedes	serán	estarán



Exercicio 7

Escribe as formas verbais que faltan.

Cantar

Eu:

Ti:

El/Ela/Vostede: cantará

Nós:

Vós:

Eles/Elas/Vostedes: cantarán

Beber

Eu:

Ti: beberás

El/Ela/Vostede:

Nós:

Vós: beberedes

Eles/Elas/Vostedes: beberán

Estar

Eu:

Ti:

El/Ela/Vostede: estará

Nós: estaremos

Vós:

Eles/Elas/Vostedes:

Ser

Eu:

Ti:

El/Ela/Vostede:

Nós: seremos

Vós:

Eles/Elas/Vostedes:

Abrir

Eu:

Ti:

El/Ela/Vostede:

Nós:

Vós:

Eles/Elas/Vostedes: abrirán

Estudar

Eu:

Ti: estudiarás

El/Ela/Vostede:

Nós: estudiaremos

Vós:

Eles/Elas/Vostedes:

Correr

Eu: correrei

Ti:

El/Ela/Vostede:

Nós:

Vós:

Eles/Elas/Vostedes:

Recibir

Eu:

Ti: recibirás

El/Ela/Vostede: recibirá

Nós:

Vós: recibiredes

Eles/Elas/Vostedes:



Exercicio 8

Escríbelle a alguén que aprecies unha carta de entre 100 e 150 palabras. Debes explicarlle como cres que será a túa vida dentro de 25 ou 50 anos.

Emprega o futuro o máis posible.

Os indefinidos

Os indefinidos son palabras que nomean cousas ou ideas pouco concretas.

Por exemplo: alguén, algo ou pouco.

Por exemplo:

Moraima bebe **pouca** auga.

Neste exemplo **pouca** é un indefinido porque non sabemos a cantidade de auga que bebe Moraima.

Existen indefinidos invariables.

Os indefinidos invariables son palabras que non cambian.

Exemplos de **indefinidos invariables**:

Alguén

Ninguén

Nada

Algo

Existen indefinidos variables.

Os indefinidos variables son palabras que cambian en función do substantivo que acompañan ou substitúen.

Os indefinidos variables teñen o mesmo xénero e número que o substantivo que acompañan.

Exemplos de **indefinidos variables**:

todo, toda, todos, todas

algún, algunha, algúns, algunhas

ningún, ningunha, ningúnns, ningunhas

pouco, pouca, poucos, poucas



Exercicio 9

Escribe as seguintes palabras do cadro no oco correspondente.

Exemplo:

_____ domingos ía ao cine, pero nós nunca coincidimos con el.

Algúns domingos ía ao cine, pero nós nunca coincidimos con el.

algo	Poucas	Todas
nada	Ninguén	ningunha

..... as persoas falan mal del, por algo será.

Artur non tivo culpa, foron os demais compañeiros.

..... persoas saben que o mercurio das pilas é contaminante.

..... sabe o que pasou e non se publicou nos periódicos.

Cando saiba do exame, xa te aviso, Ane.

Léxico: As profesións



Exercicio 10

Asocia cada profesión coa súa definición.

actriz/actor	varredor/a	bombeira/o	peiteador/a	camareiro/a
carpinteira/o	carteira/o	dentista	pintor/a	carniceira/o
electricista	avogada/o	médica/o	xuíz/a	fontaneira/o
policía	profesor/a	mecánica/o	panadeira/o	cociñeira/o
xornalista	fotógrafa/o	dependenta/e		

Actúa en películas, series ou obras de teatro. [.....]

Varre a rúa e outros espazos públicos. [.....]

Apaga incendios e axuda en emerxencias. [.....]

Peitea e corta o pelo da xente. [.....]

Atende a clientela nos bares, cafeterías, restaurantes... [.....]

Constrúe mobles e outras estruturas de madeira. [.....]

Reparte cartas e paquetes pola cidade, a vila ou a aldea. [.....]

Coida os dentes. [.....]

Pinta as paredes das casas e as fachadas dos edificios. [.....]

Corta e vende carne nunha carnicería. [.....]

Instala e repara instalacións eléctricas. [.....]

Defende os seus clientes nos xuízos. [.....]

Diagnostica e cura enfermidades. [.....]

Xulga as persoas e decláraas culpables ou inocentes. [.....]

Repara as tubaxes e realiza instalacións de auga. [.....]

Mantén a orde pública e protexe a cidadanía. [.....]

Ensina idiomas, ciencia, arte ou calquera disciplina. [.....]

Repara vehículos. [.....]

Fai pan e véndeo na panadería. [.....]

Fai de comer para outras persoas. [.....]

Informa das noticias a través dos medios de comunicación. [.....]

Fai fotos para vendelas ou expoñelas. [.....]

Atende os clientes e vende produtos nas tendas. [.....]




Exercicio 11



Escoita os audios onde varias persoas nos contan como é o seu día a día no traballo na páxina á que podes acceder a través do código QR situado ao inicio deste manual.

A continuación, escribe a profesión correspondente a cada audio.




Panadeiro / panadeira



Bombeiro / bombeira



Varredor / varredora



Profesor / profesora



Médico / médica

Audio 1:

Audio 2:

Audio 3:

Audio 4:

Audio 5:

Contidos culturais: O clima e a paisaxe

Galicia está situada no extremo noroeste da Península Ibérica.

O relevo en Galicia

A altitude do territorio galego é media-baixa: máis da metade da superficie está entre 200 e 600 m. As serras galegas teñen formas suaves e pouco elevadas, froito dunha longa erosión. As zonas máis altas están na zona oriental, no leste de Galicia, onde destacan Pena Trevinca, o pico máis alto de Galicia (2095 m), na serra do Eixe; Cabeza de Manzaneda, na serra da Queixa, ou Penarrubia, na dos Ancares.

A chaira máis importante é a da Terra Chá, que ocupa unha grande extensión da provincia de Lugo.

En Galicia, existen máis de tres mil ríos e regatos debido ás chuvias e á gran cantidade de mananciais e fontes. Son ríos curtos, pola proximidade das montañas ao mar, e están encaixados nos vales fondos e estreitos polos que pasan. Destacan o Miño e o seu afluente, o Sil, que se xuntan nos Peares.

A liña de costa en Galicia ten máis de 1.600 km. Está bañada polo mar Cantábrico e polo océano Atlántico. O elemento máis característico da costa galega son as rías, que son vales fluviais que o mar inundou. Temos as Rías Altas, como a de Ribadeo ou Ortigueira, que son máis escarpadas, e as Rías Baixas, como a ría de Arousa ou a de Vigo, que teñen un relevo moito máis suave.

O clima e a vexetación de Galicia

Galicia ten un clima oceánico, con temperaturas suaves e chuvias abundantes durante todo o ano, máis no inverno. Con todo, a influencia moderadora do mar vai perdendo forza desde a costa ao interior; nas serras do leste, as temperaturas son moi frías no inverno e as nevadas frecuentes.

Galicia ten unha vexetación abundante e variada, grazas á gran cantidade de auga. Destacan as zonas de bosque e de monte baixo que ocupan dúas terceiras partes do territorio. Os bosques están compostos por carballos, castiñeiros, bidueiros, piñeiros e amieiros. O monte baixo ten, sobre todo, xestas e toxos. Pero nos últimos anos estase repoboando o monte con eucaliptos e piñeiros e isto pode ser un perigo para a nosa vexetación autóctona.

Os espazos naturais de Galicia

Nos bosques e costas de Galicia viven moitas especies de animais e de plantas. Para protexelas, varias zonas foron declaradas parques naturais: o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, a Baixa Limia-Serra do Xurés, o monte Aloia, as dunas e lagoas de Corrubedo, os montes do Invernadeiro e a serra da Enciña da Lastra e as Fragas do Eume.



Atoparás máis información interesante sobre os seguintes temas nos enderezos que aparecen na páxina indicada ao inicio do manual.

- Bosques de Galicia
- Faros e praias salvaxes
- Dez lugares únicos
- Que visitar (destacados, pero tamén se pode escoller por rías e praias, cidades...)



Exercicio 12

Escribe a carón de cada pregunta a súa resposta.

Onde está situada Galicia?

.....

Por que as serras galegas teñen pouca altura?

.....

Cal é o pico máis alto de Galicia?

.....

Onde se xuntan o río Miño e o río Sil?

.....

Que mares bañan a costa de Galicia?

.....

Cal é o elemento máis característico da costa galega?

.....

Como son as temperaturas en Galicia? Por que?

.....

Cales son as árbores que atopamos nos bosques de Galicia?

.....

Cita dous parques naturais de Galicia.

.....



Exercicio 13



Co xogo do Portal das Palabras que podes atopar na páxina indicada ao inicio do curso, podes aprender vocabulario relacionado co clima.



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DA LINGUA